

**Programa de Portátiles de Alumnos  
(PPA)  
NORMATIVA DE USO  
GUÍA DE MANTEMENTO E COIDADÓ DO PORTÁTIL  
Curso: 2010-2011**

## **1.-O PORTÁTIL NA CASA.**

### **1.1.-Utilización do portátil.**

- a) O portátil só se pode empregar con fins educativos e persoais, estando expresamente prohibida calquera utilización comercial do mesmo e da súa Rede con fins lucrativos, quedando as expensas do que determinen a Lexislación vixente ó respecto, no caso de vulneración desta norma.

### **1.2.- En canto a instalación de software.**

- a) Os alumnos poderán instalar o software educativo que desexen e que estea a libre disposición pola Rede ou sempre que dispoña de licenza legal.
- b) O software subministrado co portátil ten licenza legal. Será da exclusiva responsabilidade do alumno e da súa familia a existencia de copias ilegais no seu portátil.
- c) Non se recomenda a instalación abusiva de programas xa que interfíren na simplicidade do mantemento do portátil e no seu rendemento na clase.

### **1.3.-Coidado das baterías.**

- a) As baterías deberán recargarse sempre na casa.
- b) É conveniente traballar co portátil conectado á rede eléctrica, sempre que sexa posible, a fin de alongar a vida activa das baterías.
- c) Cando sexa necesario cambiar as baterías, por ter esgotado a súa carga, cómpre apagar o portátil.

### **1.4.-Coidados co portátil.**

- a) Deberá de colocarse nun lugar estable a salvo de posibles incidencias: caídas, golpes, evitar posibles caídas de obxectos sobre el e de calquera outra circunstancia na que perigo a integridade física do aparello.
- b) Non comer nin beber cando se está a utilizar o portátil.
- c) Non se debe coller o portátil pola pantalla, sempre pola base.
- d) Limpar a pantalla cun pano seco, se pode ser ecolóxico mellor, cando se observe acumulación de pó nela. Absterse de aplicar outros produtos habituais na limpeza do fogar xa que poden resultar abrasivos para a pantalla e pódena danar.
- e) Evitar sempre tocar a pantalla cos dedos ou con calquera obxecto.
- f) Evitar a exposición do portátil ó sol, á chuvia e ás fontes de calor; por exemplo, non colocalo a carón dun radiador.

- g) Non se aconsella baixalo á rúa por razóns de seguridade.
- h) Deberá de habilitarse un lugar seguro na casa para gardar o portátil na súa bolsa e, así, evitar que estea tirada polo chan.
- i) O portátil terá que estar na bolsa de transporte cando non se estea a utilizar.
- j) Cando haxa que trasladar o portátil fóra da casa deberá de facerse no maletín de transporte, ou na funda entregada para este fin
- k) Sempre que o portátil se utilice fora do centro -nos momentos de lecer-, simplemente para xogar, aínda que esta non é a súa función, **recoméndase** encarecidamente a **utilización dun “gamepad externo”**, é dicir, **un mando de xogo**. De esta maneira evítase a rotura ou avaría do teclado que ademais de custosa, é, segundo se ten observado, a máis común de todas as avarías.

### 1.5.- Contrasinias.

- a) Non deberá de facilitarse a contraseña de uso fóra do ámbito familiar.
- b) O cambio de contrasinal debe de realizarse conectado á rede no centro. Doutra maneira pérdese o dominio da rede e queda sen conexión.

### 1.6.-Personalización do portátil.

- a) É aconsellable a personalización do portátil e da súa bolsa de transporte con pegatinas que eviten posibles confusións cos portátiles dos compañeiros. Agora ben non se poden eliminar nin ocultar as pegatinas identificativas das institucións que amparan o proxecto. E mesmo aquelas outras que identifican e persoalizan cada equipo. No caso de incumprimento desta norma os equipos non serán recollidos, en ningún caso, nin para clonar, nin para reparar se precisasen reparación.

## 2.- TRASLADO DO PORTÁTIL.

### 2.1.-Coidados no transporte.

- a) O portátil deberá de transportarse na súa bolsa específica ou, no caso de que se queira levar a mochila habitual, deberá gardarse na funda preparada para isto.
- b) Deberá de colocarse no interior da súa bolsa coa pantalla cara o interior e a parte de tomas de video, impresión, bus, etc., haberá de situarse cara abaixo, ocupando a parte inferior da bolsa.
- c) Evitar cargar a bolsa con excesivo material escolar (libros, libretas, etc.,) que poidan comprimir o portátil.
- d) Cando se transporte o portátil na mochila (sempre gardado na súa funda) evitar que haxa dentro da mochila obxectos que poidan danar a funda (bolígrafos, lapiceiros, tesoiras...). **En ningún caso se pode levar a batería de reposto na funda xunto co portátil**. Está comprobado que esta é a orixe da rotura da pantalla do ordenador.
- e) Non xogar coa bolsa de transporte do portátil e evitar que leve golpes no seu traslado.
- f) Non colocar o portátil na bandexa de equipaxes do autocar, xa que pode caer e danarse.

### 2.2.- Custodia do portátil

- a) Cada alumno/a é responsable da custodia do seu portátil, debendo de telo sempre vixiado, mesmo durante o horario lectivo como no transporte a súa casa.
- b) Cando non o precise para traballar na aula, depositaráo na taquilla que ten asignada a tal efecto que deberá permanecer sempre pechada.
- c) Cada alumno será responsable da chave da súa taquilla e do contido desta. En caso de perda da chave, ademais da sanción disciplinaria correspondente, o alumno/a terá que abonar os gastos de derivados da copia da chave.

### **3.-O PORTÁTIL NO INSTITUTO.**

#### **3.1.- Normas de utilización do portátil no instituto**

- a) Manter o portátil, sempre que non se utilice, na bolsa de transporte ou na funda e dentro da taquilla asignada.
- b) Evitar que a bolsa ou a funda estea tirada no chan.
- c) Cando se traslade de clase deberá levarse sempre na bolsa ou na funda correspondente.
- d) Cando teña que recollerse o portátil do casilleiro, farase na orde indicada polo profesor correspondente.
- e) As baterías deberán traerse recargadas da casa.
- f) O cargador que se suministra co portátil debe permanecer sempre na casa. Unicamente diante de circunstancias especiais (por exemplo no proceso de clonación da nova imaxe que se establece a principios do curso), e coa indicación expresa do coordinador do Proxecto e polo tanto sempre a requerimento del, se pode traer o cargador ó centro.
- g) Queda terminantemente prohibido levar o portátil ó recreo, aínda que sí se pode transportar na súa bolsa á dependencia habilitada como sala de estudio e de consulta.

#### **3.2.- O portátil na clase**

- a) Antes de coller o portátil o alumno/a deixará a súa mesa libre, para evitar ter que deixalo en situación de equilibrio precario.
- b) O alumno/a non acenderá o portátil ate recibir a orde expresa do profesor.
- c) Cando o profesor teña que interromper o traballo do alumnado para dar unha explicación, baixaránse as tapas dos portátiles sen chegar a pechalos.
- d) Cando o alumno/a teña que ausentarse temporalmente da aula, baixará totalmente a tapa do portátil para evitar posible golpes e aforrar batería.
- e) Cando se produza unha incidencia no manexo do portátil e o alumno/a precise axuda do profesor, procurará non interromper o traballo nin as explicacións que nese momento se estean a desenvolver na aula de clase.
- f) Cada alumno/a será responsable do correcto mantemento no escritorio, dos cartafoles e arquivos da súa conta, velando pola súa orde e a súa conservación.
- g) Cada alumno será responsable de gardar o traballo e, se é o caso, de apagar correctamente o portátil ó finalizar a clase.

#### **3.3.- Responsabilidades derivadas do uso do portátil**

***Cada alumno/a é totalmente responsable do que faga co seu portátil. Terán consideración de faltas graves ou moi graves, en función das circunstancias na que se producen os feitos e das súas consecuencias, as seguintes:***

- a) Modificar a configuración do sistema operativo e violar as restriccións que teña o portátil.
- b) Por ser unha fonte importante de virus, queda prohibida a instalación de programas P2P (eDonkey, Kazaa, eMule, etc...) no ordenador
- c) A utilización da conta doutra persoa estará suxeita a accións disciplinarias e aquelas outras que a lexislación vixente determina para estes casos.
- h) Calquera intento de danar equipos, materiais, datos ou programas, será sancionado polo Regulamento de Réxime Interior do Centro. O vandalismo conlevará á cancelación dos privilexios de uso do portátil e a obriga de reposición dos custos orixinados pola reparación do hardware, software ou sistema.

- i) Están prohibidos os intentos de ver, copiar, modificar ou interferir o correo electrónico ou os ficheiros doutros usuarios. O incumprimento desta norma será obxecto das sanción disciplinarias que se contemplan no Regulamento de Rexime Interior da centro
- j) Deberase empregar unha linguaxe apropiada; as palabras malsoantes, os insultos racistas e calquera outra expresión inadecuada están prohibidas.
- k) Transmitir ou ver imaxes obscenas ou material ilegal.
- l) Revelar información persoal.
- m) A falsificación ou o seu intento.
- n) Os intentos de degradar ou interferir o sistema, serán contemplados coma unha violación das directrices e/ou coma unha actividade criminal suxeita a lexislación vixente.
- o) Trasladar o portátil ao recreo fora dos espazos creados para tal fin
- p) Finxir ser outra persoa cando se envían ou reciben mensaxes.
- q) O sistema/rede non poderá ser utilizado con propósitos ilegais

#### 4.- CUSTODIA E TRASLADO DO PORTÁTIL

##### 4.1 Custodia e traslado xeral

- a) En caso de avaría, virus, mal funcionamento ou actualización de software é probable que o ordenador se formatee e reinstale de forma automática. Por iso ***deberase facer sempre que se poida unha copia de seguridade dos contidos do ordenador na rede.***
- b) Cando o alumno/a teña que trasladar o portátil a outra clase, sempre o fará na bolsa de transporte e depositarao na taquilla que se lle asigna a principios de curso
- c) Os portátiles non se poderán deixar no instituto, quen non se fai responsable da súa custodia.

##### 4.2.- Averías do portátil

###### 4.2.1.- Averías comúns

- a) Cando o portátil estea avariado, deberá de seguirse a clase con outro compañeiro
- b) Os portátiles avariados deberán acompañarse dunha ficha-protocolo para o seu arranxo que deberá depositarse nas dependencias do *Clube de informática* no horario que se estableza oportunamente.
- c) Se a avaría fose de índole menor o alumno/a esperará e estará presente mentres se solucione o problema, na procura de establecer unha cadea de formación que permita a calquera alumno/a arranxar de xeito autónomo as avarías máis sinxelas. En caso de ser máis grave, deixará o equipo en depósito ata ser avisado, unha vez resolto o problema, a través do medio que se estableza. En calquera caso unicamente o alumno propietario pode recuperar o seu portátil e só a el lle será entregado.

###### 4.2.2.- Averías debidas a uso indebido

- a) Cando se detecte que a avaría do portátil ten a súa orixe nun uso indebido do mesmo, o portátil non se lle devolverá ó alumno. Serán os seus pais ou titores quen o recollan. Nese momento entregaráselles un informe coa estimación do custe do arranxo do equipo. Nese momento tamén se lles informará de cal é o estado de seguro de avarías do equipo do seu fillo/a.
- b) Cando se detecte que un alumno está a ter avarías graves debidas ó uso indebido ou ó coidado pouco esmerado, procederase a retirarlle o equipo polo tempo que se considere oportuno. En casos moi graves poderá ser suspendido definitivamente da participación no Proxecto Ponte dos Brozos.

- c) As avarías provocadas non están cubertas pola garantía, polo que se o servizo técnico comproba que a avaría non foi fortuíta, será o alumno o que terá que pagar o custo da mesma.

## **5.- DIRECTRICES E PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS**

O usuario/a que viole as directrices e os procedementos administrativos, estará suxeito/a á suspensión temporal ou definitiva dos seus dereitos de utilización do portátil e da rede/sistema, e estará suxeito/a ás correspondentes sancións disciplinarias, recollidas no Regulamento de Réxime Interno ou nos procedementos legais oportunos.

O portátil é un instrumento de traballo escolar ao que se ten acceso polo feito de participar no Proxecto Ponte dos Brozos. O alumnado e os seus pais ou titores legais admiten dende un principio as normas establecidas para o seu uso e, que o incumprimento das mesmas, pode ser obxecto dalgún tipo de sanción.

En calquera momento os portátiles do alumnado adscrito ao PPdB poden ser sometidos a unha auditoría para comprobar o uso axeitado dos mesmos.

As sancións que se poderán contemplar, en función da gravidade do incumprimento desta normativa son, ademais daquelas outras que establece este RRI as que a continuación se especifican:

- retirada de privilexios de utilización do portátil.
- retirada do portátil por un tempo determinado.
- interromper a participación do alumno no proxecto.
- calquera outra aprobada polo consello escolar e que se inclua no regulamento de rexime interno do instituto